



Deputación
Pontevedra



"I CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026"

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca o ***"I CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DA TEMPADA 2026"***, que contará coa organización da Federación Galega de Atletismo e constará de 5 xornadas a realizar no ano 2026 nas pistas de atletismo homologadas da provincia de Pontevedra.

BASES

1. PARTICIPANTES

Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

Se o número de solicitudes fora superior á capacidade organizativa, seleccionárase aos participantes utilizando os seguintes criterios:

1. Terán preferencia os/as atletas pertencentes aos clubs da provincia de Pontevedra.
2. Entre atletas da provincia de Pontevedra, terán maior preferencia os/as que non acrediten marca na proba.

As probas irán dirixidas a todas as categorías, con especial énfase ás Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16.

2. LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN

Detállase, a continuación, a previsión de datas das diferentes xornadas do Circuito (serán susceptibles de posibles modificacións):

DATA	LOCALIDADE	INSTALACIÓN	SESIÓN
24/04/2026	A Estrada	Pista Municipal da Estrada	Tarde
06/06/2026	Vigo	Pista Municipal de Balaídos	Mañá
21/11/2026	Vigo	IFEVI	Tarde
28/11/2026	Pontevedra	Centro Galego de Tecnificación Deportiva	Mañá
04/12/2026	Vigo	IFEVI	Tarde

3.- INSCRICION E COMUNICACIÓN DE BAIXAS

A responsabilidade das inscricións e da comunicación das baixas, salvo que sexan atletas independentes, corresponderá ao seu club.

- As inscricións serán gratuítas e realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do domingo anterior á competición.
- O prazo de comunicación de baixas finalizará ás 23:59 horas do martes anterior á competición, remitíndose estas a servizos@atletismo.gal.

4. DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS COMPETICIÓNS.

Probas e horarios:

Consultaranse nos regulamentos particulares de cada xornada, publicados cunha antelación mínima de 15 días sobre a realización da xornada.

Normativa:

Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega de dorsais realizarase por club.
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e **World Athletics**.

Seguridade na realización das Xornadas:

- Medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia dos participantes e persoas espectadoras.
- Asistencia sanitaria correspondente a tódolos deportistas a través dos mecanismos que se establezan na lexislación vixente, así como transporte urxente ao centro médico con ambulancia presente durante todo o evento.
- Seguro de responsabilidade civil derivada dos danos causados como consecuencia da organización e da realización das probas.
- Seguro de accidentes deportivos para os participantes, a través do seguro proporcionado pola licenza expedida pola Federación Galega de Atletismo e polo programa XOGADE da Xunta de Galicia..
- Protocolo de evacuación en caso de accidente.